



### Re-creármonos co patrimonio lúdico

A acción de recrear é unha das máis pracenteiras para o ser humano pois todas as persoas precisan momentos de lecer. A palabra "recreación" vén do latín recreare cos significados de deleitar, gustar, gorentar ou gozar... As actividades recreativas ou de lecer son realizadas polas persoas para promover a participación individual e colectiva en accións que melloran a calidade de vida e satisfan as necesidades físicas e mentais, proporcionando pracer.

Brincar é algo intrínseco á vida dos nenos e nenas, un proceso que se vai desenvolvendo no tempo e no espazo e no cal se inclúen aspectos físicos e emocionais de forma individual e colectiva.

O xogo é unha forma de brincar que reúne dúas características sobresaíntes: nace no medio e está enraizado nel, co cal, pode ocorrer que o mesmo xogo teña, ás veces, regras diferenciadas e mesmo nomes semellantes ( ou distintos ) a poucos quilómetros de distancia. Poderíamos dicir que non se entende o xogo sen o medio no que se desenvolve e sen comprender a cultura da que procede.



## OS XOGOS POPULARES DESDE A PERSPECTIVA EVOLUTIVA ( AGXTP [www.agxpt.org](http://www.agxpt.org) ) OS XOGOS POPULARES

### ETAPA EVOLUTIVA

### TIPO DE XOGOS

### 1. O XOGO POPULAR E A APROPIACIÓN DO MUNDO

- 1.1. Aprendendo a escoitar e dialogar
- 1.2. Coñecéndonos nós mesmos e o noso medio
- 1.3. Aprendendo a andar
- 1.4. Apropriándonos do mundo con máis anos

### Ata 3 anos

### XOGOS FUNCIONAIS



## **XOGOS DE REGRAS**

[Tirapedras, tiratacos...](#)

[Muíños de auga, frautas...](#)

[Xogos de regras](#)

## **4. O XOGO POPULAR E A CONFRONTACIÓN CO MUNDO**

[4.1. Aprendendo a gañar... e a perder](#)

[4.2. Adiando a confrontación co mundo](#)

**12/14 a 18**  
**anos**

### **PREDEPORTIVOS E SEDENTARIOS**

[Predeportivos.](#)

[Sedentarios.](#)

## **5. O XOGO POPULAR E A INTEGRACIÓN NO MUNDO**

**Idade adulta**

### **XOGOS-TRABALLO, COMPETICIÓN**

## 6. O XOGO POPULAR E O DELEITE DO MUNDO

### Vellez

### XOGOS “SOSEGADOS”

## **XIX XORNADA MULTIMEDIA PONTE...NAS ONDAS!**

### **Ponte...a brincar !**

Trátase de participar realizando un programa audiovisual ( en formato audio ou vídeo ) que teña unha relación co tema proposto nesta edición: o lecer e o patrimonio lúdico galego-portugués. O xeito de tratar o tema é libre e queda ao criterio das escolas participantes. O prazo de envío dos traballos será comunicado aos participantes.

### ALGUNHAS SUXESTIÓNS

- Recolla de campo do alumnado sobre o tempo de lecer dos seus pais e avós.
- Recollida de xogos tradicionais na parroquia, concello ou bisbarra ( gravación en audio ou vídeo ).
- Prácticas de entretementos e xogos no centro
- Levar á escola persoas que saiban xogar a xogos tradicionais e documentar a experiencia.
- Recolla con gravacións de cancións, sortes de rifado...
- Xogos de lingua: trabalinguas, adiviñas, refráns...

Para poder participar nesta actividade é preciso enviar cuberta a ficha de inscrición ao

## Aberta a inscrición para a XIX Edición

Escrito por K12com  
Luns, 08 Outubro 2012 13:23

---

endereço [ondas@pontenasondas.org](mailto:ondas@pontenasondas.org) . Posteriormente estableceremos o calendario axeitado para participar.

### **NO FESTIVAL EUROPEO DE XOGOS TRADICIONAIS**

Un referente imprescindible na Eurorrexión á hora de falar do Xogo Tradicional é BRINQUEDIA (Rede Galega do Xogo Tradicional). Ponte...nas ondas! integrada na Rede, colabora na organización do Festival europeo de xogos e deportes tradicionais que se celebrará en xuño de 2013 en Galicia. Os centros participantes en Ponte...nas ondas! terán a posibilidade de participar nas actividades que se realicen.